



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

RESOLUCIÓN

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DENOMINADO “MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE PAZOS; PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2024/2025 (AGADER). EXPEDIENTE: 2024/C003/000005”

EXPEDIENTE: 2024/G003/000750

ANTECEDENTES:

Pola resolución do 19 de decembro de 2023 da directora xeral de AGADER aprobouse o Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024- 2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) ao abeiro do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto (código: MR701E), publicada no DOG núm. 18, do 25 de xaneiro de 2024), Exp.: 2024/A008/000012.

O Concello de Ponteceso, mediante a resolución de Alcaldía núm. 139/2024 do 20 de febreiro de 2024, acordou solicitar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) unha subvención por importe de 62.065,00 €, sen IVE, para levar a cabo o proxecto denominado: “MELLORA DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE PAZOS”, redactado polo arquitecto Gonzalo García Martínez, comprometéndose o concello á achega da cantidade correspondente ao IVE, que ascende a 13.033,65 €; sendo o orzamento total do proxecto de 75.098,65 € (IVE engadido).

Logo de ver a notificación da resolución de concesión da subvención por parte da directora xeral do AGADER, concedéndolle ao Concello de Ponteceso unha axuda por importe de 62.065,00 € equivalente a un 100,00 % de axuda respecto do orzamento aceptado, ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025.

Considerando que, para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, esta Alcaldía entendeu necesario que se tramitara un contrato de obras denominado “MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE PAZOS; PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2024/2025 (AGADER)”. Expediente: 2024/C003/000005, segundo o proxecto redactado polo arquitecto, Gonzalo García Martínez, con número de Colexiado 1.897 do COAG, de febreiro 2024, cun orzamento de execución de 62.065,00 € (sen IVE engadido), e cun prazo de execución de 2 meses, recolléndose no correspondente proxecto os pregos de prescricións técnicas polos que se rexerá a licitación, aprobado pola Xunta de Goberno Local do día 15/07/2024, e inicio do expediente de contratación empregando o procedemento aberto simplificado abreviado, consonte ao artigo 159.6 da LCSP, tramitación ordinaria e licitación electrónica por medio da Plataforma de Contratos do Sector Público, para o cal se empregarán os pregos de condicións administrativas aprobados pola resolución de Alcaldía núm. 636/2024 do 05-08-2024.

Considerando que, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do día 15/07/2024, aprobouse o proxecto redactado polo arquitecto, Gonzalo García Martínez, con número de Colexiado 1.897 do



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

COAG,, o cal contén toda a documentación prevista nos artigos 231 e 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017.

Visto o informe dos Servizos Técnicos municipais e actas de reformulo previo, para os efectos previstos no artigo 236 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no que se detallan os aspectos técnicos deste, así como a viabilidade da devandita actuación e a súa non división en lotes, recolléndose no correspondente proxecto de obras os pregos de prescricións técnicas polos que se rexerá a licitación.

Logo de ver a retención de crédito con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 do proxecto de gasto 2024/2/24G1 de conformidade co RC expedido pola Intervención o 18.07.2024, por un importe de 36.586,27 €. No que respecta a anualidade 2025, queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contratos nos orzamentos do exercicio correspondente, ascendendo a contía de 31.828 € máis IVE, para o que se conta co financiamento de AGADER, así como a acta de reformulo previo da obra post aprobación do proxecto, para os efectos previstos no artigo 236 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Logo de ver os pregos de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de contratación polo procedemento aberto simplificado abreviado, art.159.6 da LCSP, os cales foron aprobados, xunto co expediente de contratación, pola resolución da Alcaldía número 636/2024, do 5 de agosto de 2024.

Logo de ver o expediente e a acta da mesa de contratación do día 26/08/2024, na que se acorda propoñer ao órgano de contratación a adxudicación desta obra ao licitador que alcanzou a maior puntuación nos criterios de adxudicación, que se corresponde coa seguinte oferta presentada por SYR-AMG, S.L, conforme establecen os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, ao considerar a súa oferta como a que presenta a mellor relación calidade-prezo:

- A) Prezo sen IVE: 59.191,31 €**
- B) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE 21%): 12.430,17 €**
- C) TOTAL (A+B): 71.621,48 €**
- D) Prazo de garantía: 5 anos**
- E) Prazo de execución: 2 meses**

Solicitáronse orzamentos a tres empresas cualificadas para realizar as tarefas de control de calidade externo, sendo a que presenta o mellor prezo a oferta presentada por GESTECNIC. Cóntase coa retención de crédito para estes traballos, de data 11/07/2024.

Solicitáronse orzamentos a tres empresas cualificadas para realizar as tarefas de coordinación de seguridade e saúde, sendo a que presenta o mellor prezo a oferta presentada por ADRIÁN CARLOS LAÍÑO GALLEGOS (SEGURICON). Cóntase coa retención de crédito para estes traballos, de data 11/07/2024.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Visto o informe de fiscalización favorable previa á adxudicación do expediente emitido pola Intervención deste Concello na data do 28/08/2024.

A competencia municipal en relación co obxecto do contrato ven atribuída polo artigo 25.2, apartados b) e l), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e pola resolución número 555/2023, de 3 de xullo, modificada pola resolución número 734/2023, de 8 de setembro, na que consta que a aprobación e adxudicación de expedientes de contratación e concesión de obras, servizos e subministracións cando o seu valor estimado non exceda do 10 % do recursos ordinarios do orzamentos nin, en calquera caso a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidade non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do primeiro exercicio nin a contía sinalada. Quedan excluídos desta delegación aqueles contratos cuxa contía non supere a establecida no artigo 118 da LCSP, referido a contratos menores así como os que se tramiten por procedemento aberto simplificado sumario conforme o artigo 159.6 da LCSP A Alcaldía poderá avocar competencia nos supostos de urxencia debidamente motivada, e dará conta á XGL na vindeira sesión que se celebre.

Por todo o anterior, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente e, en concreto, en virtude do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro: Adxudicar o contrato de obras denominado <MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE PAZOS; PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2024/2025 (AGADER). EXPEDIENTE 2024/C003/000005>, á empresa **SYR-AMG, S.L**, polo importe de 59.191,31 € + 12.430,17 € (IVE) = 71.621,48 €, un prazo de execución de 2 meses, prazo de garantía de 5 anos, e demais condicións da súa oferta, ao ser considerada a de mellor relación calidade-prezo.

Para a primeira anualidade, correspondente ao exercicio 2024, o prazo de execución é dun mes, debendo estar executada e xustificada antes do 16 de outubro de 2024. O importe da segunda e última anualidade, correspondente ao 2025, o prazo de execución é dun mes e deberá estar executado e xustificado antes do 30 de maio do 2025.

Segundo: Dispoñer un gasto correspondente á anualidade do 2024 por importe de 34.982,75 € con cargo á aplicación orzamentaria 2024.1532.161900 do proxecto de gasto 2024/24/24G1. O importe da anualidade do 2025 será disposto ao aprobarse o orzamento do exercicio 2025 ou, no seu defecto, cando entre en vigor a prórroga orzamentaria.

Terceiro: Nomear como director da obra ao arquitecto, Gonzalo García Martínez, con número de colexiado 1.897 do COAG, quen exercerá tamén as funcións de responsable do contrato, como sinala o artigo 62 da Lei de Contratos do Sector Público.

Cuarto: Nomear como coordinador de seguridade e saúde ao enxeñeiro técnico industrial, Adrián



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Carlos Laíño Gallegos, colexiado número 2.196 COETICOR.

Quinto: Nomear á empresa GESTECNIC para que realice os traballos necesarios para o control de calidade externo desta obra.

Sexto: Notificar o acordo ao responsable do contrato e director da obra, coordinador de seguridade e saúde, empresa encargada do control de calidade, así como ás empresas licitadoras e ao contratista, comunicándolles ademais que, neste caso, pola aplicación do artigo 159.6.g) da LCSP 2017, a formalización do contrato efectuarase pola sinatura de aceptación do contratista da resolución de adxudicación.

Sétimo: Publicar a adxudicación definitiva no Perfil do Contratante.

Oitavo: Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Noveno: Dar conta da presente resolución ao Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Documento asinado electronicamente polo alcalde, José Manuel Mato Martínez, ante min, a secretaria accidental, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.